

Crónica do VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia 2005: bolinando para revitalizar o patrimonio marítimo e fluvial

Francisco Fernández Rei

*Non sei como no mar cabe tanta soidade.
Detrás dos amañeceres, das noites, das sombras
das brancas lúas, non hai nada de verdade.*

*Estou só, a solas co mar, desnudando o tempo.
Acto de contrición, mirada interior salitrosa.
Son o que son, nin máis nin menos... O vento.*

Manuel Costa Trigo
(mariñeiro de baixura e pintor)

A partir da experiencia do modelo organizativo bretón creouse en 1993 a Federación Galega pola Cultura Marítima (legalizada en novembro do 1994), que nos mesmos días en que o “Prestige” enchía de piche o noso litoral pasou a ser tamén da Cultura Fluvial ó integrárense nela asociacións de barcos dos ríos Miño e Sil. Cada dous anos esta Federación (a FGCMF) celebra o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, que vén ser a “Gran Festa da Cultura e do Patrimonio Marítimo e Fluvial”. O primeiro Encontro fíxose en Ribeira en 1993, logo en Coruxo, no Grove, en Rianxo (nun momento en que a Federación como tal practicamente desaparecera), en Poio e na Illa da Arousa.

O VII Encontro celebrouse en Cambados entre o 6 e o 10 de xullo do 2005 cun claro carácter internacional, porque se está a constituír a Confederación Ibérica de Embarcacións Tradicionais e porque o Encontro se integrou na campaña de declaración de patrimonio da Humanidade para o Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués. No Encontro da Arousa do 2003 o convidado de honra fora Portugal, no de Cambados ese convidado foi o mar Mediterráneo.

Dionísio Pereira, que coñece moi ben como se foi facendo realidade a FGCMF da que foi o seu primeiro presidente, ten escrito sobre os soños e o entusiasmo do labor das catro asociacións fundacionais, con sede en Ribeira, na Arousa, no Grove e en Cambados. Con moito voluntarismo e con moito amor á navegación e a un patrimonio marítimo pouco valorado, e co ánimo e apoio dalgunha persoa allea á Federación pero namorada da cultura da beiramar galega, toda esa xente pioneira foi quen de contaxiar o seu entusiasmo a moitos outros tripulantes (e a algunhas tripulantes) do litoral galego e

portugués que se foron embarcando na travesía, ata chegar ás 36 asociacións da actualidade.

Non hai un movemento asociativo semellante nin en Euskadi nin nos Países Cataláns, por citar dúas zonas onde existe un forte interese pola cultura marítima. En abril do 2005 constituíase en Cataluña unha federación de cultura marítima e fluvial, con sete asociacións.

1. Cambados 2005: homenaxe ó asociacionismo do mar e ó patrimonio marítimo

En principio, calquera porto galego, e particularmente onde teña a súa sede algunha das asociacións que hoxe integran a FGCMF, é candidato para organizar un Encontro de Embarcacións Tradicionais. Escolleuse Cambados, entre outros motivos, por existiren nesta vila tres activas asociacións (Clube Mariño Salnés, Asociación Náutica “As Joritas” e Grupo Etnográfico Mascato, un dos fundadores da Federación), con obxectivos distintos pero complementarios, que foron as que levaron o peso fundamental na organización do VII Encontro. Tamén formaron parte da comisión organizadora a propia FGCMF, o Concello de Cambados e o seu Pósito de Mariñeiros e Mariscadoras, oficialmente “Confraría de Pescadores San Antonio” desde que o franquismo obrigou ós Pósitos a chamárense Cofradías e a teren a advocación relixiosa da parroquia. Nisto o caso de Cambados é unha excepción, porque a patroa é Santa Mariña.

Coa escolla desta vila arousá, dalgún xeito quíxose honrar o papel histórico que no asociacionismo do mar desempeñou (e está a desempeñar) a xente do mar de Cambados, cun papel transcendental no ámbito galego e mesmo no español. A “Asociación Cambadesa de Marineros”, que Alfredo Brañas constituíu en 1894 na vila natal de Cabanillas, é a entidade pioneira do asociacionismo mixto do litoral galego. En 1917 fundouse en Cambados o primeiro Pósito de Pescadores de todo o Estado español e durante a guerra civil de 1936 tivo sede nesta vila a Federación de Pósitos del Oeste Peninsular, como ten a súa sede a FGCMF desde a súa creación en 1993.

As reghateiras de Cambados teñen a súa asociación, e desde este concello creouse a actual Federación Galega de Peixeiras. As atadoras, que é como sempre se lles chamou nesta vila ás redeiras e que teñen unha gran tradición por ser Cambados un porto con moitos barcos de cerco de xareta, constituíron dúas asociacións: Maruxía, integrada na asociación Peirao de ámbito galego, e Torre.

Ademais, en Cambados naceu unha asociación pioneira no litoral galego, Guimatur, formada por mariscadoras (e algunhas atadoras) que cando non andan a mariscar, a limpar ou a semear nas praias (ou a atar nas redes) dedícanse a facer rutas turísticas pola longa fachada marítima da vila, polo barrio mariñeiro de San Tomé do Mar e polos bancos marisqueiros onde traballan cada día, para mostrar *in situ* como apañan “birbirichos”, como crían e apañan diversos tipos de ameixa e tamén como miman os areais, particularmente o enorme e aínda farturento areal do Serrido, na desembocadura do Umia. Este areal, que Xoán Manuel Pintos cantou en 1853 n’ *A gaita gallega* –obra fundacional do Rexurdimento galego– é cada vez menos rico por mor de incontrolados vertidos no río Umia e ultimamente tamén pola existencia do encoro de Caldas de Reis, que está a alterar o tan necesario fluxo de auga doce, e poida que sexa unha das causas de que o “birbiricho” non medre e mesmo morra.

Algunhas das mulleres de Guimatur son fillas e netas das mariscadoras de San Tomé do Mar que en 1974, na agonía do franquismo, se opuxeron radicalmente ós intentos de privatizar o areal do Serrido. Uns anos antes mulleres da veciña parroquia cambadesa de Castrelo opuxéranse á privatización da zona do mar desa mesma enseada do Umia onde os seus homes, de xeito ben escravo, aproveitaban a marea baixa para arrincaren do mar o barro branco tan prezado que en barcos levaban para as telleiras de Castrelo, Dena ou Vilalonga ou que transportaban para os “peilebotes” fondeados fronte ó Hotel da Toxa. Algún día, ás coñecidas “batallas” de Castrelo de Miño, As Encrobas e outras da Galicia interior, haberá que ir engadindo (e tamén poetizando) estoutras batallas da beiramar, practicamente descoñecidas, mais non menos épicas ca aquelas.

Por outra parte, en Cambados ten a súa sede Intramar, empresa de turismo etnográfico e coñecemento mariño. Trátase dun moderno e ambicioso proxecto empresarial baseado na posta en valor da cultura mariñeira e dos recursos do mar, a través da recuperación de elementos tradicionais representativos do patrimonio marítimo galego, para así desenvolver actividades empresariais anovadoras que mostren a vida da xente do mar, os oficios tradicionais do mar e a cultura mariñeira.

Intramar está a elaborar unidades didácticas para difundir a diversidade de artes e aparellos de pesca e marisqueo en Galicia, a carpintaría de ribeira ou a navegación a vela, á vez que proxecta roteiros marítimos etnográficos e de lecer polo litoral galego e investiga e recupera patrimonio marítimo. En outubro do 2005 será unha

realidade o seu “Proxecto Chasula”, coa botadura da tarrafa “Chasula”, barco que andaba ó cerco nos anos 60 e que constitúe unha boa mostra da transformación da pesca artesanal á pesca industrial en Galicia, que vén coincidir no tempo coa chegada dos motores diesel. Intramar recuperou esa tarrafa para convertela en aula taller flotante.

2. Marco do Encontro: conserveiras e ribeiras do “lago cambadés”

Non é cousa doada dar conta do amplo e variado programa de actos que tanto en terra como no mar houbo no Encontro de Embarcacións de Cambados, vila ben coñecida polo viño albariño, pero que tamén ten unha gran tradición mariñeira e onde aínda hoxe moita xente, directa ou indirectamente, segue a vivir do mar. No libro que recollía a exposición “O mar en Cambados” que fixera a Confraría de Pescadores do concello en xullo do 2001, o seu patrón maior Benito González dicía que “o mar non é só Cambados, pero Cambados e os cambadeses levamos o mar en nós”.

O marco do Encontro foron casas señoriais e casas mariñeiras –algunhas aínda co tradicional patín como a casaña onde naceu Ramón Cabanillas–, antigas fábricas de conservas, os peiraos das tres viliñas históricas (Fefiñáns, Cambados e San Tomé do Mar) que forman o actual Cambados e as ribeiras e as augas do “lago cambadés” por onde navegaba a comezos do séc. XX a “branca trainera da ría cambadesa” á que Cabanillas pedía no seu desterro de La Habana que metera o temón á presa e que o devolvera ó patrio lar. Tamén foi marco o moderno porto de Tragove e o piñeiral “enraizado nas laxes fendidas da veira do mar” que cantara o poeta das Irmandades da Fala, onde en honra súa segue cheirando a resina, fiúncho e marusía.

Esas tres viliñas sempre tiveron unha forte vinculación coas actividades produtivas do mar. Tanto os antigos señores de Cambados (a Casa de Monterrei e a Casa de Alba) como os de Fefiñáns (os Sarmiento de Valladares) explotaron ostreiras en cadansúas praias e por elas litigaron entre si e contra outros. Houbo conflitos da xente do mar de San Tomé cos señores das casas de Alba e de Fefiñáns, por consideraren que a ribeira marítima das tres viliñas cambadesas era mar común e que tiñan dereito a andaren ás ostras como se fixera de vello.

San Tomé naceu no illote de San Sadurniño onde houbo castro, asentamento romano e vila medieval con “casa forte” de Paio Gómez de Soutomaior, aínda que hoxe só quedan en pé as ruínas da Torre de San Sadurniño. Esta torre, permanente e impasible vixía das actividades do VII Encontro, formaba parte do sistema defensivo que no costado de

leste da ría da Arousa tiña a mitra compostelá para se protexer dos ataques normandos (ou doutras naves inimigas que se adentraban no mar da Arousa). Cando na “vila vella” de San Tomé se recibían sinais da veciña torre da Lanzada, con fogueiras, desde San Sadurniño avisaríase á desaparecida torre da Illa da Arousa citada por Sarmiento (na Illa queda o nome do barrio da Torre no altiño onde está a igrexa parroquial) e desde esta posiblemente se farían sinais de aproximación á torre de Cálogo de Vilanova, de aquí á desaparecida torre de Miadelos ou Miradelos (entre O Carril e Bamio), que á súa vez avisaría o Castellum Honesti (as Torres de Oeste) de Catoira, que enviaría o sinal á fortaleza da Rocha, nas aforas de Santiago.

O cartel que simbolizou o VII Encontro reproducía un óleo de 1913 coa fachada marítima de San Tomé, obra de Lorenzo Leiro, tío-avó do escultor cambadés Francisco Leiro. Ese óleo, que se expón no bar Galo Negro da rúa do Hospital de Cambados (mesmo a carón da casa onde morreu o poeta Cabanillas) leva anos presidindo a cea e as cántigas da xente da FGCMF que alí acode despois de cada asemblea. No cadro vese que a Torre de San Sadurniño está practicamente igual ca hoxe, pero a fachada pintada por Leiro xa é cousa do pasado.

Así e todo, San Tomé segue a ser a zona máis mariñeira de Cambados e unha das mellor conservadas de todo o litoral galego, con casas amoreadas e aparentemente desordenadas, algunhas construídas sobre cons onde chega o mar e con fachadas protexidas do húmido vento da boca da ría con testos de vieiras coa cara anacarada para fóra, colocados eses testos como as escamas do peixe. No peirao de San Tomé conviven harmonicamente nasas e raños, barcos da batea e dos trasmallos, planadoras para o marisqueo a flote e algunhas dornas. Na memoria de moitos está viva a antiga praia dese barrio mariñeiro inzada de dornas de escarva e de tope feitas no Grove, que alí varaban despois de andaren ás ostras e ás “avieiras” por toda a ría da Arousa e pola ría de Marín, a “ría de abaixo”.

A xente do mar de Cambados e de San Tomé obtivo “privilexios” de diversos reis de Castela e os seus traballos e conflitos figuran nos documentos do Gremio de Mareantes do Corpo Santo de Pontevedra. No catastro do Marqués de la Ensenada recóllense referencias a mariñeiros de diversas artes nos tres portos cambadeses e lanchas de “revenir” para vender sardiña en Portugal. E nese mesmo documento reflíctese unha actividade que tivo importancia histórica no mar de Cambados: o escabechado de ostras e o seu envasado en barricas de madeira. Álvaro Cunqueiro dicía non ter catado un

manxar tan saboroso como as ostras que seu pai recibía en Mondoñedo como agasallo de Nadal, que desde Fefiñáns lle mandaban unha tía e a avoa paterna.

3. Cultura marítima e poesía do mar

Unha das grandes novidades do Encontro de Cambados foron as *Xornadas de Cultura Marítima Galega: Patrimonio inmobiliario e urbanístico do mar e dos ríos*, coorganizadas pola FGCMF e o Museo do Mar de Galicia e coordinadas polo director deste museo Pablo Carrera, por Luis Rei Núñez (Técnico de Cultura do Concello de Cambados e secretario da Comisión Organizadora do VII Encontro) e por min mesmo. Contaron con un crédito de libre configuración da Universidade de Santiago de Compostela.

Na mañá do mércores 6 inauguráronse esas Xornadas coa intervención de Xaquín López Cuiñas, actual presidente da FGCMF e activo membro da Comisión Organizadora do Encontro, sempre a pé de obra, antes e durante o Encontro. Tamén interviñeron Luis Rei Núñez, Rosa Oubiña (concelleira de Cultura e tenente-alcalde de Cambados) e Ana Isabel Calzadilla (directora en funcións de Portos de Galicia) e que disertou sobre o plan de fachadas marítimas da Xunta. Era a xornada do urbanismo, na que o arquitecto Antonio García tratou sobre as construcións marítimas da primeira industrialización; e pola tarde o profesor José María Leal ocupouse das construcións na beiramar do Salnés e o politólogo Xosé Luís Barreiro Rivas centrouse na ordenación do territorio, protección do patrimonio e desenvolvemento sostible.

Pola noite, desde as 11 e media, na artificial illa das Ghoritas, entre os peiraos de San Tomé e Cambados, celebrouse o recital *Poesía do mar da Arousa e doutros mares galegos* coa intervención de poetas arousáns de Cambados (Manolo Costa, Ramón Caride, Domingo Tabuyo e Xosé M^a Vila Ribadomar) e de Vilagarcía (Xurxo Alonso) e outros que viñeron de Fisterra (Alexandre Nerium e Modesto Fraga), de Cangas do Morrazo (Bernardino Graña e Xosé Vázquez Pintor), de Foz (Paco Rivas), de Pontecesures (Fernando Rodríguez Gómez) e de Compostela (Xosé Luís Santos Cabanas). De Lugo veu o clown Iván Prado, que recitou a longa elexía “Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror”, de Heriberto Bens, que, segundo Méndez Ferrín, non era de Rianxo senón da Pobra do Deán, no costado de noroeste do mar da Arousa.

O ensaísta e poeta Emílio Ínsua (cambadés de Viveiro) presentou o recital e leu o fermoso “Mariñeira” de Cabanillas sobre o naufraxio dunha dorna, texto ben acaído

dada a nordestada que acompañou todo o recital como música de fondo. Tamén leu un texto de Castelao, criado nas ribeiras do mar da Arousa como Cabanillas, á vez que escusou a ausencia de poetas que se comprometeran a participar e que enviaron algún texto como homenaxe ó mar (Pilar Beiro, Antón Dobao, Ana Romaní e Manuel G. Seixas).

Tan forte era o nordeste que ás veces mesmo parecía querer voar a carpa da Taberna Mariñeira onde se celebraba o acto. A barlovento, unha lona protexía do forte vento, mentres que a sotavento, sen ningunha barreira, podía contemplar na clara noite do mar da Arousa luces dos seus faros e tamén a alegre lucería da fachada marítima do Grove e, alá ó lonxe, as luces de Aguiño e Ribeira.

Pese á nordestada e ó frío e da noite, que aumentaría no outro día, poetas e público aguantaron estoicamente todo o recital, sen que a atención decaese, porque uns poetas lograron que a xente rise e case esquecese o forte zoar do vento, mentres que outros conseguiron emocionar coas súas sentidas intervencións. Tal foi o caso de Bernardino, aínda non recuperado do seu derrame cerebral, pero que non dubidou en acudir á vila de Cabanillas para cantar e honrar os mariñeiros do Morrazo e os doutros mares galegos. Non menos emotivo foi o recitado de Manolo Costa, mariñeiro de baixura de Cambados e pintor (e membro da comisión organizadora do Encontro en representación do Pósito), así como a intervención de M^a Xosé Cacabelos Domínguez, mariscadora de San Tomé e secretaria de Guimatur, que recitou poemas con salitre e ausencias escritos polo seu home Xosé Ramón Martínez Cacabelos, comprador e vendedor de peixe, tamén de San Tomé.

O xoves 7 o programa das Xornadas de Cultura Marítima dedicouse ós Museos e ó Patrimonio. Fíxose unha visita pola Rede de Museos de Cambados, guiada pola súa directora Rocío Acha, que rematou no Muíño da Seca de Tragove, un dos poucos muíños de mareas da beiramar galega e que simboliza a complementariedade entre o traballo da terra e o do mar. Construído sobre unha vella salina por encargo do vizconde de Fefiñáns, desde o séc. XVII ata 1972 tres moas de granito do Salnés moeron millo e centeo e unha cuarta moa albeira de pedra fina de Portugal moeu trigo, sempre cando devalaba o mar. E desde a súa restauración no 2002, as catro *mós* volven funcionar, tamén nas horas da seca, aínda que agora moen para os escolares e os turistas e coa fariña fanse gorentosas galletas.

Non se puido visitar a “Casa do Pescador”, que se inaugurou semanas despois do Encontro. Trátase dunha casa mariñeira recuperada no barrio de San Tomé, integrada na Rede de Museos, onde en pantallas xigantes se pode facer unha viaxe polos costumes da xente do mar, coñecer as artes de pesca e os mariscos e peixes da zona.

Nesa Xornada dos Museos o historiador e etnógrafo Francisco Calo Lourido disertou sobre os asentamentos castrexos da beiramar galega e as orixes do poboamento litoral, o museólogo Xosé Carlos Sierra ocupouse do patrimonio cultural fluvial e Pablo Carrera e o arqueólogo Vicente Caramés centráronse nos museos do mar e a conservación do patrimonio inmobiliario, coa ría da Arousa como arquetipo. E no remate da xornada o economista e historiador Dionísio Pereira analizou o patrimonio marítimo como recurso para desenvolver, un tema que coñece moi ben e sobre o que reflexiona nun artigo deste mesmo número d’ *A Trabe de Ouro*.

O venres 8 o programa das Xornadas de Cultura Marítima centrouse na evocación literaria e histórica. Na sesión da mañá tratei o tema da paisaxe e da cultura mariñeira do Cambados de onte e de hoxe, e antes dun coloquio no que participei xunto co escritor e xornalista Manolo Rivas, este deu un amplo recital con poemas seus con salitre e mar, que abriu e fechou tocando un apupo ou bughina, como no mar se facía para avisar da néboa ou cando se baixaba a terra e se quería avisar de que se traía peixe para vender. Pola tarde fíxose unha travesía no motoveleiro “Nauja” para ver a fachada marítima do litoral arousán (Dionísio Pereira e mais eu fixemos de guías); e xa no axexo, o historiador Ramón Villares clausurou as Xornadas cunha conferencia sobre o feito urbano na historia de Galicia.

4. Loros, nordestada e intermitentes arribadas

Nun Encontro de Embarcacións o protagonista principal sempre o teñen os barcos, pois sen a súa presenza no mar non tería sentido un evento deste tipo. No caso do Encontro de Cambados o forte nordés fixo que os primeiros días as embarcacións viran moi deslucido o seu protagonismo, como ocorreu xa o mércores no bautizo de mar da “Parisina”, unha atípica dorna de escarva na obra morta e dorna de tope na obra viva, e que anda con vela cangrexá e foque, e non coa tradicional vela de relinga (a “vela de cuadro” dos vellos mariñeiros de Cambados).

A nordestada impediu ese día dar a merecida benvida ós modernos loros da Asociación Unicornio de Cambados que, aínda así, atracaron en San Tomé. Estes loros fixéronse en Corvillón, parroquia cambadesa onde parece ser que se inventaron esas populares e

estilizadas gamelas con proa apuntada, que calaban en pouquiña auga por teren unha simple sobrequilla (e non a quilla propia das gamelas) e un “ensillamento” ou arco entre a proa e a popa como na gamela coruxeira, o que lles daba máis manobralidade co remo. A gamela propia de Cambados (e da Arousa) era plana e non “ensillada” e con máis manga có loro.

Labregos-mariñeiros de Corvillón nos anos 60 usaban os loros para pescar robaliza ou muxe coa sinxela arte do facho e tamén cando apañaban ameixas coa ilegal “horquilla”, sempre en zonas de pouco mar. Logo modificáronse e popularizáronse os loros noutros barrios mariñeiros de Cambados, habendo mariñeiros mañosos que facían os seus propios loros, cos máis sinxelos andábase ós “birbirichos” no Serrido, cos que xa tiñan motor fóra e intraborda facíase marisqueo a flote. Tan populares e veloces eran que se facían regatas con esas embarcacións, en setembro, nas festas da Valvanera de San Tomé; pero cando nos anos 70 as veloces planadoras foron acabando cos loros, nesas festas fixéronse dous anos regatas nas categorías de 28 e 48 cabalos, sendo mozos de San Tomé e Corvillón os que mellor planaban nas augas do “lago cambadés” de Cabanillas.

Sen dúbida ningunha o momento sobranceiro dun Encontro deste tipo é a arribada das embarcacións tradicionais, de difícil esquecemento para quen por primeira vez asiste ó espectáculo de ver tantos barcos diferentes veleando e logo entrando no porto para atracaren ou abarloárense. Na tarde do xoves 7 de xullo houbo tal temporal de nordeste, que a organización tivo que suspender a arribada prevista. As dornas de Ribeira, do Grove e da Illa da Arousa, que pola cantidade e variedade elas soas xa armarían a festa, a esa hora seguían sen saír dos seus portos. Algúns barcos fixeran noite na Illa de Sálvora ou no Grove e con dificultades fóronse achegando a Cambados. Fernando Piñeiro, membro da Comisión Organizadora do Encontro e que desde había meses estaba en contacto cos responsables das embarcacións non galegas que ían acudir ó VII Encontro, foi seguindo ese día toda a información que viña do trincado “Ría de Ferrol”, que na ruta a Cambados servía de enlace e que desde o medio do mar da Arousa ía dando conta das velas coas que se ía encontrando.

Pese á forte nordestada, emocionante foi ver arribar, coas velas arriba, a traíñeira vasca “Ameriketatik”, que viña desde Muros; e non menos emocionante foi a chegada da lancha do alto “Fe em Deus”, que saíu por mar da Pôvoa de Varzim, que avariou á

altura da Guarda polo que tivo que ser remolcada por Salvamento Marítimo ata Sálvora, que pasou o relevo a un barco bateeiro da Illa da Arousa.

No Encontro da Illa da Arousa do 2003, tamén a comezos de xullo, practicamente non houbera a tradicional arribada. Cando os barcos estaban concentrados no medio da ría, entre Rianxo e a Illa, produciuse tal encalmada, que despois de moito agardar por un vento que non aparecía por ningures, cada embarcación acabou chegando ó peirao do Xufre como puido: unhas a motor, pero a maioría tivo que facelo a pan de millo, botando man dos remos.

Os barcos atracados e abarloados por mor do mal tempo converteron os peiraos de Cambados en luxosos museos de embarcacións tradicionais ó ar libre. Con todo, a mediodía do venres 8 a nordestada foi decaendo, polo que os barcos de maior envergadura desafiaron o nordés e navegaron, como a devandita lancha do alto “Fe em Deus” da Pôvoa de Varzim, o motoveleiro “Nova Jorita” de Cambados ou o motoveleiro “Nauja” (“ghaivota” en danés), un antigo bacalloeiro noruegués agora con base no Grove e destinado a actividades náuticas de lecer.

Os participantes nas Xornadas da Cultura Marítima navegamos no “Nauja” desde o porto cambadés de Tragove ata a illa de Rúa para contemplarmos a súa impresionante fasquía de “barco de pedra” fondeado na beira do Canal que leva de Sálvora a Vilagarcía; logo fomos cara a Ribeira para voltar aproximándonos a Meloxo e ó Grove para contemplar a fachada marítima. E mentres tanto as moitas dornas da ENT (Escola de Navegación Tradicional) da asociación Dorna da Illa da Arousa desafiaban esa tarde o nordés e veleaban todas xuntas para atracaren en Cambados.

5. Lañado de peixe e espectáculo náutico

Os participantes na travesía do “Nauja” tivemos que escoller entre ir escoitar a conferencia de Villares, coa se clausuraban as Xornadas, ou á mesma hora presenciar no peirao de Cambados unha representación etnográfica con descarga de sardiña ó xeito tradicional, desde a fermosa lancha xeiteira “Nova Marina” da ENT da Illa, que durante anos foi o mascarón de proa da FGCMF. Logo da descarga poboxouse o peixe cantando de máis a menos o prezo ata que as reghateiras ían dando o “mío”, e logo as mesmas peixeiras que participaron na poxa lañaron e lavaron toda a sardiña. A responsable de coordinar esta acción foi Consuelo Galiñanes, presidenta da Asociación de Peixeiras de Cambados e da Asociación de Peixeiras de Galicia.

A seguir deste concorrido e impactante acto etnográfico celebrouse un espectáculo náutico-musical. Desde o mesmo lavadoiro do peirao de Cambados en que tanto peixe se ten descargado e poxado ata a década de 1970, foron saíndo, desfilando e atracando de novo no lavadoiro unha dorna de tope de Cambados, un bote camouco de Ferrol, dous bateis vascos (un de Bermeo e outro de Sukarrieta), unha dorna polbeira da Illa da Arousa, unha lancha de xávega de Málaga, dous botes de Bueu (un xeiteiro e outro polbeiro), un trincado da ría de Ferrol e unha dorna de escarva da Illa da Arousa.

Luis Rei Núñez e Fernando Piñeiro Oubiña presentaron e animaron este orixinal e insólito desfile de barcos tradicionais da costa galega, vasca e andaluza, no que se ían cantando as particularidades técnicas e as excelencias no mar de cada embarcación, a medida que ían desfilando a remo ou a vela. Algúns destes barcos facían tales viradas que mesmo parecían coreografías, en palabras de Lino Prieto, presidente da asociación “Amigos da Dorna Meca” do Grove.

6. Un mar de libros de cultura marítima

No pavillón “Na Onda” instalada nunha antiga fábrica de conservas houbo unha Feira do Libro con participación de todas as librarías cambadesas e das librarías Arousa de Vilagarcía e Torga de Ourense, que organizaron a “Exposición de libros do mar”, cedidos pola Asociación Galega de Editores. E nesa mesma Feira puido verse a exposición “O mar de Galicia en 75 libros”, escolmados por Dionísio Pereira.

Na mañá do sábado 9 na Feira do Libro celebrouse un “Encontro co libro do mar e os seus autores” no que os investigadores ferroláns Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez falaban da súa monografía *Homes de ferro en barcos de madeira*, que é como os ingleses chamaban aqueles galegos pioneiros que traballaban no Gran Sol, mentres que o poeta de Foz e lexicógrafo Paco Rivas tratou do seu *Dicionario fraseolóxico do mar. Así falan os mariñaos* que naqueles mesmos días estaba a chegar ás librarías.

Nese mesmo acto o mariñeiro Alexandre Nerium explicou a xénese e o contido do seu poemario *Vogar de couse*, homenaxe ó mar de Fisterra e á poesía galega do mar e da terra; e Dionísio Pereira tróuxonos a primicia do seu último libro, que aínda non se distribuía, co manuelantoniano título de *Foulas e Ronseis* e co subtítulo *Retrincos para un Tratado do Mar dos Galegos* en lembranza de Luís Seoane, quen desde a emigración arxentina “arelaba pór a primeira pedra dun inmenso *Tratado do Mar dos Galegos*, onde estivesen dende as fazañas dos almirantes medievais, ate a historia miúda de cada un dos retrincos das roupas de faena dos nosos humildes mareantes e pescadores”.

Excusouse neste Encontro a ausencia de Carme Hermida, da Terra de Montes, que ía falar do seu libro *Polo mar abaixo vai...Cantigas populares sobre o mar*, recompiladas cando a autora trataba de atopar nos libros unha explicación e un consolo á desolación e rabia vividas nas tristes semanas en que o “Prestige” ennegrecía co seu chapapote as praias e os coídos do litoral, e tamén as alma de galegos e non galegos. No comezo do limiar Carme di que nos libros non atopou ese consolo, “pero si dei con imaxes do paraíso-temporalmente-perdido”

A mediodía, aproveitando a seca, con Flora e con María Xosé Domínguez, mariscadoras de Guimatur, puido percorrerse o barrio mariñeiro de San Tomé e meterse no areal do Serrido cantado por Xoán M. Pintos para ver como é o ecosistema en que se marisca a pé, como se fai e con que apeiros e tamén visitar o criadoiro de ameixa no medio do areal. Houbo quen se mollou, e bastante, porque a seca era pequena, a marea subía e ninguén quería vir para terra. E quen fixo esta visita foi para a casa con cadansúa balsa de rede coas cunchas dos diversos moluscos que se apañan no Serrido e tamén coa dos moluscos que collen os mariscadores a flote que traballan no sector do Ghaliñeiro, entre Cambados e o Grove. Non foi posible facer unha visita guiada a ese sector porque o sábado non era día de marisqueo.

E pola tarde, tamén na Feira do Libro, presentouse o libro de Lino J. Pazos *Ballenas y balleneros en Galicia* e a revista da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, que a FGCMF apoiou en todo momento, por ser unha federación do litoral galego e portugués miñoto e porque un dos seus obxectivos é a recuperación do patrimonio inmaterial, non só do material.

7. A arelada navegación polo mar da Arousa

Ás cinco da tarde dese sábado, sen o nordeste dos días anteriores e cun ventíño fresco que daba un agradable navegar, dos peiraos de San Tomé e Cambados puideron saír a navegar ¡por fin! todas as embarcacións tradicionais que se achegaron para o Encontro.

No caso dos barcos galegos, como me dicía Fernando Piñeiro, “estaban todos, mesmo os botes de Ribadeo”. E así foi. Saíron a velear diferentes dornas de escarva e de tope de Ribeira, do Grove e da Illa da Arousa, e do propio Cambados, todas elas coa tradicional vela de relinga, pero tamén algunha dorna-nai de Ribeira con vela cangrexá e foque, reliquia de tantas dornas de lecer que hai décadas navegaban polas augas da Arousa patroneadas por quen non podía facelo nun iate. Tamén velearon dornas trasalleiras

como “A Meca” do Grove e dorna xeiteiras como a “Jatiña” de Portonovo e a “Rabandeira” de Vilanova, de máis eslora cás trasmalleiras; e canda elas, o dornón meco “Irmandiña”, co que se quere chegar ata o Caribe algún outubro aproveitando os alisios e usando só métodos tradicionais de navegación e alimentación a base de xurelos secos e outros produtos tradicionais da xente do mar.

Saíron a navegar diversos tipos de gamelas e botes galegos, como a “bruta” e fermosa ghamela da Guarda e as estilizadas ghamelas coruxeiras da ría de Vigo, derivacións daquela, entre as que cómpre salientar “A Buxaina” do CRAC Coruxo, a xeitosa gamela que o Etnográfico “A Buxaina” levara en 1992 ó pioneiro Encontro de Ribeira e que é un dos barcos máis veteranos da Federación. Navegaron, entre outros botes, os de vela latina de Carril, un bote xeiteiro e outro polbeiro de Bueu, coa vela de martelo, e tamén botes de Maniños.

Velearon barcos tradicionais como un trincado da ría de Ferrol e varias bucetas tamén do mar de Ferrol, xunta coa buceta da ENT da Illa da Arousa e a buceta de Poio, coas súas velas mística ou de pardela; a lancha xeiteira da ENT Illa da Arousa e a xeiteira de Lira, perfectas réplicas dunha xeiteira desenterrada en Caldebarcos-Carnota; a fermosa traíneira “Pescadoira” de Bueu e o racú que no pasado maio botaron os Mariñeiros de Bouzas e que denominaron “A Oleira” por un cón que hai no mar de Bouzas.

Non faltaron pesqueiros reconvertidos, como o motoveleiro cambadés “Nova Joritas”, e diversos galeóns, entre eles, o pequeno galeón “Luísa” de Poio, un dos grandes e modernos galeóns xemelgos de Pedro Campos feitos no Grove e o recuperado galeón “Nuevo Sofía” de Vilanova da Arousa, coa súa espectacular fasquía cando navega con todo o velame despregado, que hoxe ben podería considerarse mascarón de proa da Federación.

Na navegación estiveron presentes embarcacións galegas dedicadas a turismo náutico, como o “Hidria II”, antigo barco alxibe da ría de Vigo e único que funciona a vapor en toda Europa; o motoveleiro “Zorba”, con moitos salseiros na cuberta despois de participar en diversas campañas de Greenpeace e que, logo de estar no carro no Grove, botouse ó mar días antes do Encontro aproveitando as mareas vivas; e o xa citado motoveleiro “Nauja”, que despois de andar ó bacallau e ter unha vida bastante axitada en diferentes tipos de pesca veu atracar ó porto do Grove, onde tamén teñen a base o “Hidria II” e o “Zorba”.

Con todos estes barcos galegos navegaron nesa inesquecible tarde de xullo outros chegados de Portugal, de Euskadi, de Irlanda e do litoral mediterráneo español. Do litoral miñoto portugués eran a citada lancha poveira “Fe em Deus”, habitual nos encontros que organiza a Federación, a fermosa catraia “Santa Maria dos Anjos” de Esposende, un pequeneiro caíco de Vila do Conde e a humilde *masseira* “Nossa Senhora da Graça” (unha gamela de Montemor) da activa asociación Barcos do Norte de Viana do Castelo, integrada na FGCMF, o que fai que a Federación sexa galega da histórica Gallaecia. Tamén navegaron pola Arousa un colorista moliceiro de Aveiro e uns alegres “botes da arte” de Sarilhos (freguesía de Montijo fronte a Lisboa, na foz do Texo), barquiños que ata hai pouco pescaban con pequenas artes de arrastre nas canles de Montijo e que presentan unha fasquía semellante á dos grandes barcos que levaban persoas e mercadorías desde Seixal ou Montijo ata Lisboa.

De Euskadi sur arribaran un batel de Bermeo, un batel de Sukarrieta e a citada traíneira “Ameriketatik” da asociación Albaola de Pasaia Donibane que chegou a remos e vela desde Muros e que o luns 11, rematado o VII Encontro, coa escolta dun curragh irlandés co seu característico forro de coiro volveu do mesmo xeito a Pasaia. A tripulación vasca bautizou esta fazaña como “Urdina Itsasoani”, algo así como “azul ó mar”, en referencia á catástrofe do “Prestige”. E desde Zokoa, en Euskadi norte, arribara o “Txakoli”, que non é propiamente un barco tradicional nin na fasquía nin na construción, pero que ten certa semellanza por basearse en construcións tradicionais.

Do Mediterráneo, que era o convidado especial, navegou pola Arousa unha numerosa representación de barcos tradicionais (e de tripulantes). De Cataluña viñera un *llaut* (especie de bote de dúas proas, que tamén navega na costa valenciana e nas Baleares), algún *bussi* (especie de buceta con pouca eslora), algún “bote mallorquín” (propio das Baleares e de Cataluña) e mais a *muleta* “Dunia” (barco característico do río Ebro). Da Comunidade Valenciana viñeran catro botes de vela latina de 21 palmos (os catro de Cartaxena) e tamén o bote do Mediterráneo “Tamarit”, con tripulación das diferentes provincias valencianas. E de Málaga chegara a estilizada e fermosísima lancha da xávega “Rosario e Ana”.

Polo que respecta ós barcos de río galegos cómpre salientar a presenza dunha rudimentaria lancha da vendima de Chantada coa que se recollían as cestas da uva dos socialcos do Miño, valéndose dunha especie de andamio que logo as abocaba na cuba que ía nesa lancha. Prevíase a presenza de varios batuxos do Miño e doutras

embarcacións de río para facer unha travesía desde a desembocadura do Umia ata o peirao de San Tomé onde estaban atracadas a maioría dos barcos; pero o mal tempo impediu realizar a que sería a primeira travesía fluvial dun Encontro da FGCMF.

No Encontro da Arousa do 2003 inscribíranse 152 barcos (a maioría dornas) e houbo uns 30 a maiores que non se anotaran. Á vista das preinscricións, no Encontro de Cambados contábase con superar esa cifra, pero só chegaron a inscribirse nos días da navegación 122 embarcacións tradicionais, que en realidade foron bastantes máis, porque moitos barcos de Cambados navegaron sen anotáronse, e o mesmo pasou con outros que non chegaran os primeiros días polo nordeste. Nunca tantos tipos diferentes de embarcacións e de velas tradicionais se viran navegar nun Encontro da FGCMF e nunca tantos tripulantes velearan xuntos (inscribíronse 755), o que demostra a vitalidade do patrimonio marítimo, particularmente do galego, e dun movemento asociativo socialmente aínda pouco visible.

Na mañá do domingo 10 houbo a regata de Dornas do Albariño, que organiza o Clube Mariño Salnés de Cambados, e tamén unha regata para nenos en faluchiños, barquiños feitos de bidóns e outros recipientes de latón. E na tarde do domingo o vento foise indo ata chegar a unha encalmada total no momento do solpor, o que obrigou a andar a pan de millo ós barcos que andaban pola augas do “lago cambadés”.

8. Embarcados nun cantar

O apartado musical e de animación nocturna do programa “Embarcados nun cantar. Festival de música de mar e taberna” foi impresionante, e iso mercé ó bo saber de Luis Rei Núñez. Actuou Milladoiro, a gran referencia do folk galego desde finais dos 70, e tamén as cantareiras de Malvela, o grupo tradicional Fiandola, a Repichoca Ártabra, os etnógrafos da danza do “Grup Alacant” e o grupo de gaita e baile da asociación cambadesa “Cón de Xido” de Corvillón; e houbo propostas moi novidosas de xente que traballa con elementos tradicionais como punto de partida, como a excelente e coidada performance de Trebón, o DJ Dorna (realmente era DJ Dani, pero bautizouse como Dorna para o Encontro) e o grupo Nova Galega de Danza co espectáculo “Alento”, unha novidosa maneira de achegarse á música e ó baile tradicional con vocación universalista.

E non faltou cada noite a actuación dos mellores contacontos galegos: o venres Cándido Pazó, o sábado Quico Cadaval coas súas “Historias portuarias” e o domingo Avelino

González coa banda de música tradicional Caramuxo coa que representou o espectáculo literario-musical “Vento mareiro”.

Boa parte destes actos desenvolvéronse na Taberna Mariñeira da artificial illa das Ghoritas, sempre inzada de tripulantes e de público moi diverso, nun ambiente realmente indescribible particularmente o sábado, primeiro coa actuación de Quico Cadaval e logo, de medianoite ás tantas, coa intervención do DJ Dorna, Manolo Bacallao, a charanga Dorneira, os gaiteiros e as cantareiras da Cultural Dorna e a charanga dos vascos de Albaola. E non faltaron os da Viñalar Fantastic Band, habituais nos encontros.

E o domingo á mañá, embarcáronse nesta festa do mar a cambadesa Banda de Música de Castrelo, que deu un recital, como tamén o fixo o grupo “Antoxo” da Sociedade Cultural cambadesa cunha actuación na Taberna Mariñeira .

9 Exposicións e iniciativas para un mar vivo e produtivo

O Museo do Mar de Galicia recuperou a antiga fábrica de conservas Otero para convertela no “Pavillón dos Museos” onde se mostraron a cultura e os elementos patrimoniais do mar. Alí estaban o propio Museo do Mar de Galicia, o Massó de Bueu, o do Pobo Galego, o de Ílhavo ou a Rede de Museos de Cataluña; pero tamén houbo casetas de diversas asociacións da FGCMF (e unha da propia Federación, coa súa didáctica exposición “O mar, o barco e mais nós”) e de asociacións non galegas como Albaola de Pasaia.

Ademais, neste pavillón houbo exposicións de autor, como a obra pictórica de Raúl Veloso, a fotográfica de Xacobe Meléndez e o inmenso mural que os días do Encontro foron pintando os alumnos de Belas Artes de Pontevedra: unha “representación fantástica do mar” con monstros, divindades e diversos seres mitolóxicos asociados co mar en diferentes culturas a través da historia.

Noutra antiga fábrica de conservas, a de Peña, mostra do esplendor industrial da conserva e da pesca de Galicia e que o Concello de Cambados quere rehabilitar como museo, ergueuse o Pavillón “Na Onda” onde se mostraron iniciativas novidasas de turismo náutico, de promoción etnográfica e de valorización dos recursos do mar. Contou con casetas de organismos da Xunta de Galicia (Consellería de Pesca e Fundación Deporte Galego co Navega Galicia 2005 e a “Volvo Ocean Race 2005-2006”) e doutros organismos públicos (Deputación de Pontevedra, concello de Cambados...).

Non faltaron postos e casetas de conservas elaboradas ó xeito tradicional e outros de moi diversas asociacións privadas relacionadas co turismo do mar, tanto as que queren dar a coñecer como se traballa diariamente no mar e deste xeito contribuír á dignificación social dese duro traballo (as mariscadoras cambadesas de Guimatur e os mariñeiros de baixura do Proxecto Mar de Lira), como as relacionadas co turismo náutico (“Nauja” de Aquarium Galicia e Vapores del Atlántico), cos deportes náuticos para persoas con minusvalías (Sodináutica de Bouzas), co submarinismo (Argosub) e co turismo etnográfico e coñecemento mariño (Intramar).

Tamén expuxeron entidades tan diversas como os Estaleiros J. Garrido do Grove (e o seu Proxecto Irmandiña), Expomar de Burela (e o seu Proxecto Reina del Carmen do museo flotante nun barco do pincho atracado nese peirao da Mariña) e os bretóns de Douarnenez que viñeron a Cambados para presentar a Festa das Tradicións Mariñeiras 2006, que cada dous anos constitúe a gran referencia da cultura marítima de todo o litoral atlántico europeo. E non faltou a caseta de Ponte nas Ondas para promover a Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués ou a do Colectivo Ecoloxista do Salnés.

Ademais, ergueuse unha Vila Mariñeira, cunha finalidade divulgativa e non comercial, onde atadoras de Maruxía de Cambados, cesteiros da Limia que están a recuperar modelos de cestas mariñeiras, un ferreiro, un selleiro, unha tecelá, un oleiro, un carpinteiro de ribeira e outros artesáns traballaron en vivo todos os días do Encontro, mentres a asociación “Millo Corvo” de Vilaboa repartía un gorentoso pan feito dese millo Tamén estivo representado o patrimonio fluvial, con maquetas dos diversos barcos do Miño e do Sil. A Vila Mariñeira foi do máis vistoso e concorrido, e se o Pavillón dos Museos e o Pavillón “Na Onda” non tiveron tanta concorrencia en boa parte debeuse á deficiente sinalización exterior das vellas fábricas de conservas que os albergaban.

Tamén se ergueu unha completa carpa gastronómica onde se podían degustar produtos que tiñan que ver coa cociña propia e popular do mar de Galicia, e a prezos alcanzables. E a carón dela, a carpa exclusiva dos varios centos de tripulantes que por primeira vez nun Encontro tiveron que pagar o xantar e a cea, aínda que cun prezo ben simbólico.

O mar e a cultura marítima dalgún xeito estivo presente en moi diversos locais da vila de Cambados. Na Confraría de Pescadores houbo a I Exposición de Pintura (co mar como tema) e de Maquetas de Embarcacións, xunto coa exposición “O mar en

Cambados” que o propio Pósito xa expuxera en xullo do 2001; e fronte á Confraría, no edificio da Sociedade Cultural construído nun antigo cunchal, montouse unha Mostra de Encaixes e unha Mostra de Malacoloxía, con cunchas de todo tipo de moluscos. Na galería Borrón 4, próxima á fábrica onde estaba o pavillón “Na Onda”, celebrouse unha exposición de pintura con temática mariña con cadros de artistas como Antón Sobral, M^a Isabel Pintado e Xurxo Alonso, pintor e poeta que participou no recital de poesía do Encontro. E en moi diversos establecementos de Cambados nasas, redes e diversos trebellos mariños adornaban os escaparates, atendendo a chamada da asociación de comerciantes do concello que premiaba o mellor escaparate.

10. Revitalización e socialización do patrimonio marítimo e fluvial

O receo inicial ou a indiferenza que en Cambados bastante xente parecía mostrar sobre a montaxe do Encontro foise diluíndo a medida que ían tomando corpo as diversificadas propostas en terra e logo no mar. Era a primeira vez que en Cambados, vila con tanta historia e tanta presenza do mar, se homenaxeaba o mar e toda a xente que dun xeito ou doutro vive do mar. E con ledicia algúns puidemos apreciar como mariñeiros, mariscadoras, atadoras e peixeiras que participaran na organización deste VII Encontro e que colaboraran en diversas actuacións do programa, toda esta xente sentía o lexítimo orgullo de ter sido parte do éxito da bianual Gran Festa da Cultura e do Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia. Era a súa festa.

A FGCMF nunca tivo unha visión nin saudosista nin folclórica do mundo do mar. A xente moi diversa que formamos parte de asociacións da Federación compartimos a querencia dun mar vivo e produtivo sempre, e o mesmo dos ríos. Non se pretendeu no Encontro de Cambados, como tampouco nos anteriores, cantar as virtudes dun mar fecundo e perdido na noite dos tempos, dun mar que xa non é e que nunca máis vai volver, senón que se tratou de valorizar a herdanza recibida para engadirlle novas e frutíferas achegas desde o traballo mariñeiro de hoxe e de mañá.

En só 12 anos a FGCMF ampliou considerablemente o número de asociacións (de 4 a 36, como xa se dixo), pasando de ser unha Federación das ribeiras do mar da Arousa a selo de todo o litoral galego (e portugués miñoto) e das grandes cuncas fluviaias (Miño e Sil). A Federación funciona de xeito asembleario con tres xuntanzas anuais ordinarias, conta cun boletín interno *O Apupo* que se distribúe entre todas as asociacións e organismos relacionados co mar, recuperou e axudou a recuperar diversos barcos tradicionais, fixo un informe do patrimonio marítimo e difundiu o seu valor e o seu

deficiente estado de conservación e consolidou os bianuais encontros de embarcacións. E para substituír a publicación que se editaba en cada Encontro, botou ó mar unha moi coidada revista de cultura marítima, *Ardentía*, da que saíu o primeiro número en xullo do 2004 co patrimonio inmaterial marítimo e fluvial como tema para así apoiar a Candidatura de “Ponte nas Ondas” das Tradicións Oraís Galego-Portuguesas como Patrimonio da Humanidade; e en maio do 2005 apareceu un novo número sobre barcos e xentes do mar, que en certo modo foi a carta de presentación deste VII Encontro de Embarcacións Tradicionais.

Nestes anos houbo axudas oficiais, particularmente da Consellería de Pesca e das Deputacións da Coruña e Pontevedra, pero practicamente todo o traballo se fixo de xeito voluntarista e altruísta, o que no caso da organización dun Encontro é realmente un acto que podería dicirse que ten bastante de epopeico, como puiden comprobar nos meses en que funcionou a plural e activa Comisión Organizadora do Encontro de Cambados, que tiveron a honra de presidir. Os traballos e problemas na organización do Encontro da Illa funos seguindo a través de Pablo Iglesias, que presidía aquela Comisión, do mesmo xeito que dos moitos atrancos que houbo para montar o excelente Encontro do Grove sóubeno polo carpinteiro de ribeira Isidro Mariño, que fora un dos principais responsables de organizar un encontro que non tivo apoio ningún do concello, o que resulta increíble cando no Grove tanta xente vive directa ou indirectamente de actividades relacionadas co mar, á parte dos moitos mecos que teñen nas praias e nas augas da Arousa as leiras onde traballar.

Nestes momentos en que se vive un cambio de goberno na Xunta de Galicia, agárdase das novas autoridades máis sensibilidade polo patrimonio marítimo e fluvial. É necesario que deixe de considerarse que patrimonio só é o terrestre (e que o que está en terra firme é o que merece protección), como tamén cómpre o establecemento dun rexistro específico de embarcacións tradicionais e dar máis facilidades a quen as recupera para usalas como medio de lecer no mar e no río. É urxente pedir que se revise a normativa europea que obriga a pasarlle a motoserra a barcos de madeira antigos para poder optar á subvención dun novo barco, pois con esta política estase destruindo moito do patrimonio marítimo e da historia da beiramar.

Cómpre que a Federación e as súas asociacións traballen por ter máis presenza social para así mellor defender e revitalizar o patrimonio e a cultura dos mares e dos ríos de Galicia, que é un patrimonio de todos, e non só dos galegos. E para isto é urxente e

totalmente necesaria unha certa profesionalización, especialmente na directiva da Federación, porque cada vez a xestión é máis ampla e máis complexa.

No que respecta á organización dun Encontro de Embarcacións Tradicionais, por ser a gran festa da cultura marítima e fluvial de Galicia, debería crearse unha Fundación onde, ademais da propia FGCMF, teñan presenza entidades relacionadas co mar (particularmente o Museo do Mar de Galicia), organismos oficiais que en maior ou menor medida teñen apoiado a recuperación do patrimonio marítimo (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Deputacións, particularmente a de Pontevedra) e outros organismos oficiais (a Consellería de Cultura, concellos da beiramar...), así como entidades privadas, que acheguen financiamento que permita con máis antelación e relativa tranquilidade preparar unha festa da envergadura sociocultural dun Encontro.

Con todo, esperemos que non decaia a constante e desinteresada entrega da xente das diversas asociacións, pois é fundamental para o movemento de recuperación, revitalización e socialización do patrimonio marítimo e fluvial galego e portugués, tanto o material coma o inmaterial. A pesar do moito que se fixo en poucos anos, grande é a tarefa que queda por facer, porque nada do noso tempo e terra que teña que ver cos mares e cos ríos de Galicia (e do norte de Portugal) lle é alleo á FGCMF.

Se na defensa dese inmenso patrimonio o vento vén de proa, haberá que bolinar (ou voltaghear, por usar un termo popular dos vellos mariñeiros de Cambados e doutros portos). E como dicía Castelao no *Sempre en Galiza*, “se o vento se pón de proa e temos que perder moito tempo bolineando, entón cumprirá baixar a vela e botar man dos remos”.